



Mercedo de Nadal



• SANTIAGO DE COMPOSTELA •
PRAZA DE ABASTOS • NAVE 5

Máis información en: comercio.santiagodecompostela.org

FICHA DA ACCIÓN

Entidade promotora: Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento económico e Turismo do Concello de Santiago de Compostela.

Obxecto: Mercado de Produtos de Nadal na Praza de Abastos (Nave 5) de Santiago de Compostela.

Potenciais participantes: Artesáns, produtores e comerciantes con capacidade para exhibir e vender produtos, creacións ou elaboracións de Nadal.

Datas de celebración: Do venres 11 de decembro do 2015 ao martes 5 de xaneiro do 2016, ambos incluídos.

Horario:

De luns a venres: de 11 h a 15 h e de 17 h a 21 h

Sábados e domingos: de 11 h a 21 h (Horario ininterrompido)

24 de decembro: de 11 h a 19 h (Horario ininterrompido)

25 de decembro: de 18 h a 21 h

31 de decembro: de 11 h a 19 h (Horario ininterrompido)

1 de xaneiro: de 18 h a 21 h

5 de xaneiro: de 11 h a 21 h (Horario ininterrompido)

BASES DE PARTICIPACIÓN

A INICIATIVA E AS SÚAS CARACTERÍSTICAS

O **Mercedo de Nadal** celebrarase do día 11 de decembro do 2015 ao día 5 de xaneiro do 2016 na Praza de Abastos (Nave 5) de Santiago de Compostela.

O Mercado de Nadal trasládase nesta segunda edición á **Nave 5 da Praza de Abastos de Compostela** co dobre obxectivo de aproveitar unha infraestrutura idónea para este tipo de iniciativas; e complementar a actividade comercial que na época de Nadal se desenvolve na histórica Praza de Abastos compostelá e os seus arredores.

Celebrándose na Nave 5, o Mercado de Nadal contará con ata 26 postos de venda a cuberto, facilitándose con isto a asistencia e permanencia do público con independencia da climatoloxía. A nova localización garante tamén a cobertura das necesidades de exposición, como é a existencia de aseos, puntos de conexión eléctrica, dispoñibilidade de auga corrente ou unha zona de exposición central complementaria para a mostra permanente de produtos.

BASES DE PARTICIPACIÓN

1. CELEBRACIÓN

- 1.1. O Mercado celebrarase na Nave 5 da Praza de Abastos de Santiago de Compostela entre os días 11 de decembro do 2015 e 5 de xaneiro de 2016, ambos incluídos.
- 1.2. O horario de apertura ao público do Mercado será de 11 h a 15 h e de 17 h a 21 h (luns a venres); 11 h a 21 h (horario ininterrompido) os sábados e domingos, agás as datas que se sinalan a continuación, que terán horarios particulares:
 - 24 de decembro: de 11 h a 19 h (Horario ininterrompido)
 - 25 de decembro: de 18 h a 21 h
 - 31 de decembro: de 11 h a 19 h (Horario ininterrompido)
 - 1 de xaneiro: de 18 h a 21 h
 - 5 de xaneiro: de 11 h a 21 h (Horario ininterrompido)
- 1.3. No caso de forza maior, as datas do Mercado poderanse modificar, ou mesmo anular a súa celebración, sen que os expositores poidan presentar reclamación por presuntos danos consecuencia da anulación.
- 1.4. A participación no Mercado implica a aceptación íntegra das presentes Bases e das decisións que adopte a Organización na súa interpretación, así como daqueles aspectos non previstos que poidan xurdir antes, durante e despois do evento, comprometéndose a adaptarse a posibles cambios sobrevidos.

2. SOLICITUDES E ADMISIÓN DE EXPOSITORES

- 2.1. Para tomar parte no Mercado é requisito indispensable cumprimentar a Solicitud de Participación en liña habilitada na web do departamento de Comercio, **antes das 19:00 h do día 23 de novembro de 2015**. A partir desa data e hora o formulario non estará dispoñible. Ao documento pódese acceder desde este enlace: [Solicitud de Participación](#).
- 2.2. Poderán presentar solicitudes os comerciantes, artesáns e produtores con capacidade para exhibir e vender produtos, creacións ou elaboracións de Nadal. Pode tratarse de sociedades ou persoas físicas, sempre que estean legalmente constituídas ou regularizados no réxime de traballadores por conta propia, na actividade económica que lles corresponda.

- 2.3.** Solicitar participación non implica necesariamente que se acepte a Solicitud. En función dos postos dispoñibles e en beneficio do Mercado de Nadal, entre as Solicituds de Participación presentadas realizarase unha selección por quendas aplicando os criterios:
- A calidade, materias primas, innovación e acabado dos produtos.
 - A idoneidade e carácter de Nadal das pezas.
 - O matiz artesanal e diferencial das coleccións.
 - A heteroxeneidade na selección final de participantes por grupos.
 - O feito de ser marcas con produción propia e realizada en Galicia.
 - A localización xeográfica da razón social dos expositores.
- 2.4.** Os interesados poderán solicitar a información complementaria que precisen para valorar a súa participación no Mercado no seguinte contacto: comercio@santiagodecompostela.org; mercadonadal@versalscq.com, Teléfono: 981 555 920.
- 2.5.** Os solicitantes quedan informados e consenten expresamente que os seus datos sexan incorporados a un ficheiro para o seu tratamento automatizado relacionado cos fins exclusivos do obxecto da Solicitud. Os solicitantes poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose a Versal Comunicación, S.L., Xosé Chao Rego 8-10 baixo, 15705 Santiago de Compostela.

3. PRODUTOS PRIORITARIOS NO PROCESO DE ADMISIÓN DE SOLICITANTES

- 3.1.** No proceso de selección de expositores consideraranse prioritarios os produtos que se relacionan a continuación:
- Produtos, pezas e coleccións de decoración de Nadal: iluminación, grilandas, bolas e adornos para a árbore, abetos, coroas, centros, plantas e outras tipoloxías de ornamentación natural ou artificial, nacementos, figuras e complementos para o Nacemento, papelería, postais de felicitación, tarxetas, papel, etiquetas adhesivas, cintas e lazos de agasallo, calendarios de aninovo e advento, cerería e complementos, bolas de neve etc.
 - Repostaría e doces de Nadal: turróns, polvoróns, roscas, mazapáns, pastas, galletas, chocolates, bastóns de caramelo, piruletas, etc.
 - Froitos secos, cristalizados e semellantes.
 - Obxectos de enxoval para as festas: manteis, cubertos, vaixelas, cerámica, panos, etc.
 - Outros produtos habituais do Nadal tales como esencias, incensos e produtos de aromaterapia, xabóns, instrumentos musicais, xoguetes de elaboración artesanal, caixas de música, licores, viños, escumosos, cotillóns, etc.
 - Outros produtos artesanais.

4. QUENDAS E LISTA DE AGARDA

- 4.1.** O Mercado organizarase en 5 quendas:
- Quenda 1: do venres 11 ao martes 15 de decembro (ambos incluídos)
 - Quenda 2: do mércores 16 ao domingo 20 de decembro (ambos incluídos)
 - Quenda 3: do luns 21 ao venres 25 de decembro (ambos incluídos)
 - Quenda 4: do sábado 26 ao mércores 30 de decembro (ambos incluídos)
 - Quenda 5: do xoves 31 de decembro ao martes 5 de xaneiro (ambos incluídos)
- 4.2.** Os solicitantes poderán pedir praza para unha, varias ou todas as quendas.
- 4.3.** A adxudicación das quendas terá en conta as preferencias manifestadas na Solicitud de Participación, aínda que non será criterio exclusivo. Na distribución terase en conta o beneficio do conxunto do Mercado e dos seus visitantes, propiciándose a diversidade de produtos á venda en cada unha das quendas.
- 4.4.** Os expositores non seleccionados pasarán a formar parte Lista de Agarda, que será a utilizada para cubrir baixas e cancelacións.
- 4.5.** É responsabilidade do solicitante especificar os produtos que destinan a cada unha das quendas que solicitan, se prevén variacións dos mesmos en función das quendas.
- 4.6.** É requisito indispensable a participación na totalidade das xornadas das quendas que se lles adxudiquen aos expositores. De non cumprirse este requisito a Organización poderá cancelar a participación do expositor e ocupar o seu posto cun expositor da Lista de Agarda.

5. CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

- 5.1.** Adxudicadas as quendas, para poder participar no Mercado é imprescindible acreditar que se desenvolve unha actividade económica regularizada, mediante:
- Copia DNI ou C.I.F.
 - Copia da última cota pagada do réxime de autónomos (ou réxime correspondente)
 - Certificado de epígrafes do I.A.E no apartado correspondente.
 - Para novos artesáns e creadores, solicitude de Alta nos epígrafes do I.A.E. correspondentes ou documento que acredite a data de comezo da actividade.
 - Carta de artesán, de ser o caso.
 - Rexistro sanitario, para os expositores de produtos agroalimentarios e/ou enogastronómicos.
 - Copia do seguro de Responsabilidade Civil.
- 5.2.** É responsabilidade directa dos expositores o estrito cumprimento de todas as normativas referidas á venda polo miúdo, liquidacións e saldos, así como a normativa laboral e obrigas tributarias.

- 5.3. O Mercado de Nadal é de carácter gratuíto para expositores e visitantes. Sen embargo, adxudicadas as quendas os expositores seleccionados deberán realizar o **depósito dunha fianza de 250,00 €**, que o expositor recuperará íntegra ao remate do Mercado agás nos casos que se especifican a continuación:
- Cancelación da súa participación no Mercado con independencia das causas (vontade propia, imprevistos, urxencias ou causas de forza maior sobrevidas ao expositor).
 - Se a súa asistencia ao Mercado produce danos, fallas ou perdas no seu propio espazo ou mobiliario, no espazo e/ou mobiliario doutros expositores ou no espazo común (Nave 5). Neste caso, avaliaranse os custes aplicables e o expositor deberá aboar a diferenza, se existise.

5.4. A Organización terá a facultade de excluír do Mercado, ou retirar total ou parcialmente os seus produtos, aos expositores que non colaboren para favorecer o desenvolvemento do evento para visitantes, outros expositores e persoal da Organización.

5.5. Unha vez realizada a selección de expositores os titulares serán informados pola Organización. Para que a confirmación de espazos e quendas sexa firme, o expositor debe asinar e remitir á Organización o impreso Acordo de Participación, acompañado da documentación acreditativa recollida nas presentes Bases e xustificante de depósito da fianza. O Acordo de Participación remitirase a mercadonadal@versalscq.com.

6. DISTRIBUCIÓN DA NAVE 5 E EXPOSICIÓN DE PRODUTOS

6.1. De maneira excepcional, en función do número de solicitudes para cada unha das quendas e en beneficio do conxunto do Mercado, a Organización poderá adxudicar dobre espazo (4 x 4 metros aproximadamente) a aqueles expositores que considere axeitado. Para isto, é imprescindible que os solicitantes expresen o seu desexo de ampliar espazo, na correspondente casíña da Solicitud de Participación.

6.2. Nos postos asignados expoñeranse só os produtos aprobados.

6.3. Queda expresamente prohibido ceder parte ou a totalidade do espazo adxudicado aos expositores.

6.4. Cada expositor deberá atender persoalmente o seu posto, ou informar á Organización das persoas designadas para atendelo.

6.5. A distribución dos expositores na Nave 5 será realizada pola Organización na procura do beneficio do conxunto do Mercado e atendendo a criterios de tipo de produto e outras consideracións técnicas que se consideren oportunas.

6.6. A exposición dos produtos deberá realizarse de xeito estético, orixinal, limpo e ordenado, seguindo o espírito do evento.

6.7. Os expositores deberán informar á Organización do tipo de montaxe que van realizar.

6.8. Non se permitirá a exposición de produtos que pola súa natureza poidan perturbar ao resto dos expositores, ou sexan susceptibles de deteriorar as estruturas, pavimento, mobiliario, paredes ou calquera outro elemento fixo ou móbil da Nave 5. No caso de existiren necesidades específicas de montaxe os expositores informarán á Organización, que revisará as peticións e tentará favorecerlas, pero reservándose o dereito de autorizarlas.

6.9. Non se permitirá a aplicación de colas ou disolventes en pavimentos nin paredes; ou a utilización de produtos perigosos, tóxicos ou inflamables.

7. ESPAZOS, HORARIOS DE MONTAXE E DE APERTURA AO PÚBLICO

7.1. Cada expositor contará cun espazo cuberto de 2 m x 2 m no que se incluírá un mostrador e baldas para a exposición e venda dos seus produtos, cartel de identificación coa súa denominación comercial, e punto de conexión á rede eléctrica.

7.2. En cada unha das quendas, os expositores deberán aterse aos horarios de montaxe e recollida que se fixen desde a Organización. Para facilitarlles o acceso á Nave 5, nos días previos á montaxe proporcionarán datos dos vehículos nos que se realizará o transporte dos produtos e materiais necesarios para a montaxe.

7.3. Os expositores deberán atender estritamente aos horarios de apertura e peche ao público do Mercado que figuran nestas Bases de Participación.

7.4. Os expositores asumirán os gastos derivados dos danos e fallos que poidan causar aos seus propios materiais ou produtos, ao material e postos doutros expositores, mobiliario e infraestruturas proporcionadas pola Organización, ou da propia Nave que aloxa o Mercado.

8. PROMOCIÓN E DIFUSIÓN

8.1. Para facilitar a promoción do Mercado en redes sociais e medios de comunicación, os expositores remitirán á Organización tres fotografías dos seus produtos máis representativos antes do 27 de novembro.

8.2. Os expositores autorizan a realización de fotografías e vídeos dos seus produtos durante a celebración do Mercado, e ceden os dereitos de reprodución de todo o material gráfico e audiovisual que se realice para dar promoción á iniciativa.

8.3. A Organización proverá aos participantes finalmente seleccionados de bolsas de compras coa imaxe do Mercado de Nadal para as compras que os clientes fagan no seu posto.



Mercedo de Nadal



• SANTIAGO DE COMPOSTELA •
Praza de Abastos • Nave 5

Máis información en: comercio.santiagodecompostela.org

MERCADO DE NADAL SANTIAGO DE COMPOSTELA, 2015

COMPROMISO DE PARTICIPACIÓN

RAZÓN SOCIAL.....CIF.....
 DENOMINACIÓN COMERCIAL.....
 ENDEREZO.....
 LOCALIDADE.....CP.....
 TELÉFONO.....EMAIL.....
 APELIDOS/NOME.....DNI.....

ACEPTA participar no Mercado de Nadal de Santiago de Compostela organizado pola Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento económico e Turismo do Concello de Santiago de Compostela, conforme ás datas e horarios de participación que se recollen a continuación.

COÑECE e ACEPTA as Bases de Participación no Mercado publicadas na Convocatoria realizada pola Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento económico e Turismo do Concello de Santiago de Compostela.

ACOMPaña este Compromiso de Participación con xustificante de depósito de Fianza por valor de douscentos cincuenta euros (250,00 €), realizado a favor de Versal Comunicación, S.L., na entidade Bankinter (OP Santiago de Compostela), IBAN ES70 0128 0110 2001 0143 7712.

ACREDITA que desenvolve unha actividade económica regularizada, mediante a documentación relacionada nas Bases de Participación.

ESPAZOS E DATAS ADXUDICADAS:

- Posto Regular: 2 x 2 m (aprox.), con mobiliario básico e conexión eléctrica**
 - Quenda 1: do venres 11 ao martes 15 de decembro (ambos incluídos)
 - Quenda 2: do mércores 16 ao domingo 20 de decembro (ambos incluídos)
 - Quenda 3: do luns 21 ao venres 25 de decembro (ambos incluídos)
 - Quenda 4: do sábado 26 ao mércores 30 de decembro (ambos incluídos)
 - Quenda 5: do xoves 31 de decembro ao martes 5 de xaneiro (ambos incluídos)
- Posto Extraordinario: 4 x 4 m (aprox.), con mobiliario básico e conexión eléctrica**
 - Quenda 1: do venres 11 ao martes 15 de decembro (ambos incluídos)
 - Quenda 2: do mércores 16 ao domingo 20 de decembro (ambos incluídos)
 - Quenda 3: do luns 21 ao venres 25 de decembro (ambos incluídos)
 - Quenda 4: do sábado 26 ao mércores 30 de decembro (ambos incluídos)
 - Quenda 5: do xoves 31 de decembro ao martes 5 de xaneiro (ambos incluídos)

Santiago de Compostela _____ de _____ de 2015

Sinatura do expositor

BASES DE PARTICIPACIÓN

1. CELEBRACIÓN

- 1.1. O Mercado celebrarase na Nave 5 da Praza de Abastos de Santiago de Compostela entre os días 11 de decembro do 2015 e 5 de xaneiro de 2016, ambos incluídos.
- 1.2. O horario de apertura ao público do Mercado será de 11 h a 15 h e de 17 h a 21 h (luns a venres); 11 h a 21 h (horario ininterrompido) os sábados e domingos, agás as datas que se sinalan a continuación, que terán horarios particulares:
24 de decembro: de 11 h a 19 h (Horario ininterrompido)
25 de decembro: de 18 h a 21 h
31 de decembro: de 11 h a 19 h (Horario ininterrompido)
1 de xaneiro: de 18 h a 21 h
5 de xaneiro: de 11 h a 21 h (Horario ininterrompido)
- 1.3. No caso de forza maior, as datas do Mercado poderanse modificar, ou mesmo anular a súa celebración, sen que os expositores poidan presentar reclamación por presuntos danos consecuencia da anulación.
- 1.4. A participación no Mercado implica a aceptación íntegra das presentes Bases e das decisións que adopte a Organización na súa interpretación, así como daqueles aspectos non previstos que poidan xurdir antes, durante e despois do evento, comprometéndose a adaptarse a posibles cambios sobrevidos.

2. SOLICITUDES E ADMISIÓN DE EXPOSITORES

- 2.1. Para tomar parte no Mercado é requisito indispensable cumprimentar a Solicitud de Participación en liña habilitada na web do departamento de Comercio, **antes das 19:00 h do día 23 de novembro de 2015**. A partir desa data e hora o formulario non estará dispoñible. Ao documento pódese acceder desde este enlace: [Solicitud de Participación](#).
- 2.2. Poderán presentar solicitudes os comerciantes, artesáns e produtores con capacidade para exhibir e vender produtos, creacións ou elaboracións de Nadal. Pode tratarse de sociedades ou persoas físicas, sempre que estean legalmente constituídas ou regularizadas no réxime de traballadores por conta propia, na actividade económica que lles corresponda.
- 2.3. Solicitar participación non implica necesariamente que se acepte a Solicitud. En función dos postos dispoñibles e en beneficio do Mercado de Nadal, entre as Solicitudes de Participación presentadas realizarase unha selección por quendas aplicando os criterios:
 - A calidade, materias primas, innovación e acabado dos produtos.
 - A idoneidade e carácter de Nadal das pezas.
 - O matiz artesanal e diferencial das coleccións.
 - A heteroxeneidade na selección final de participantes por grupos.
 - O feito de ser marcas con produción propia e realizada en Galicia.
 - A localización xeográfica da razón social dos expositores.
- 2.4. Os interesados poderán solicitar a información complementaria que precisen para valorar a súa participación no Mercado no seguinte contacto: comercio@santiagodecompostela.org; mercadonadal@versalscq.com, Teléfono: 981 555 920.
- 2.5. Os solicitantes quedan informados e consenten expresamente que os seus datos sexan incorporados a un ficheiro para o seu tratamento automatizado relacionado cos fins exclusivos do obxecto da Solicitud. Os solicitantes poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose a Versal Comunicación, S.L., Xosé Chao Rego 8-10 baixo, 15705 Santiago de Compostela.

3. PRODUCTOS PRIORITARIOS NO PROCESO DE ADMISIÓN DE SOLICITANTES

- 3.1. No proceso de selección de expositores consideraranse prioritarios os produtos que se relacionan a continuación:
 - Produtos, pezas e coleccións de decoración de Nadal: iluminación, grilandas, bolas e adornos para a árbore, abetos, coroas, centros, plantas e outras tipoloxías de ornamentación natural ou artificial, nacementos, figuras e complementos para o Nacemento, papelería, postais de felicitación, tarxetas, papel, etiquetas adhesivas, cintas e lazos de agasalho, calendarios de aninovo e advento, cerería e complementos, bolas de neve etc.
 - Repostaría e doces de Nadal: turróns, polvoróns, roscas, mazapáns, pastas, galletas, chocolates, bastóns de caramelo, piruletas, etc.
 - Froitos secos, cristalizados e semellantes.
 - Obxectos de enxoval para as festas: manteis, cubertos, vaixelas, cerámica, panos, etc.
 - Outros produtos habituais do Nadal tales como esencias, incensos e produtos de aromaterapia, xabóns, instrumentos musicais, xoguetes de elaboración artesanal, caixas de música, licores, viños, escumosos, cotillóns, etc.
 - Outros produtos artesanais.

4. QUENDAS E LISTA DE AGARDA

- 4.1. O Mercado organizarase en 5 quendas:
 - Quenda 1: do venres 11 ao martes 15 de decembro (ambos incluídos)
 - Quenda 2: do mércores 16 ao domingo 20 de decembro (ambos incluídos)

- Quenda 3: do luns 21 ao venres 25 de decembro (ambos incluídos)
- Quenda 4: do sábado 26 ao mércores 30 de decembro (ambos incluídos)
- Quenda 5: do xoves 31 de decembro ao martes 5 de xaneiro (ambos incluídos)

- 4.2. Os solicitantes poderán pedir praza para unha, varias ou todas as quendas.
- 4.3. A adjudicación das quendas terá en conta as preferencias manifestadas na Solicitud de Participación, aínda que non será criterio exclusivo. Na distribución terase en conta o beneficio do conxunto do Mercado e dos seus visitantes, propiciándose a diversidade de produtos á venda en cada unha das quendas.
- 4.4. Os expositores non seleccionados pasarán a formar parte Lista de Agarda, que será a utilizada para cubrir baixas e cancelacións.
- 4.5. É responsabilidade do solicitante especificar os produtos que destinan a cada unha das quendas que solicitan, se prevén variacións dos mesmos en función das quendas.
- 4.6. É requisito indispensable a participación na totalidade das xornadas das quendas que se lles adjudiquen aos expositores. De non cumprirse este requisito a Organización poderá cancelar a participación do expositor e ocupar o seu posto cun expositor da Lista de Agarda.

5. CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

- 5.1. Adjudicadas as quendas, para poder participar no Mercado é imprescindible acreditar que se desenvolve unha actividade económica regularizada, mediante:
 - Copia DNI ou C.I.F.
 - Copia da última cota pagada do réxime de autónomos (ou réxime correspondente)
 - Certificado de epígrafes do I.A.E no apartado correspondente.
 - Para novos artesáns e creadores, solicitude de Alta nos epígrafes do I.A.E. correspondentes ou documento que acredite a data de comezo da actividade.
 - Carta de artesán, de ser o caso.
 - Rexistro sanitario, para os expositores de produtos agroalimentarios e/ou enogastronómicos.
 - Copia do seguro de Responsabilidade Civil.
 - 5.2. É responsabilidade directa dos expositores o estrito cumprimento de todas as normativas referidas á venda polo miúdo, liquidacións e saldos, así como a normativa laboral e obrigas tributarias.
 - 5.3. O Mercado de Nadal é de carácter gratuíto para expositores e visitantes. Sen embargo, adjudicadas as quendas os expositores seleccionados deberán realizar o **depósito dunha fianza de 250,00 €**, que o expositor recuperará íntegra ao remate do Mercado agás nos casos que se especifican a continuación:
 - Cancelación da súa participación no Mercado con independencia das causas (vontade propia, imprevistos, urxencias ou causas de forza maior sobrevidas ao expositor).
 - Se a súa asistencia ao Mercado produce danos, fallas ou perdas no seu propio espazo ou mobiliario, no espazo e/ou mobiliario doutros expositores ou no espazo común (Nave 5). Neste caso, avaliaranse os custes aplicables e o expositor deberá aboar a diferenza, se existise.
 - 5.4. A Organización terá a facultade de excluír do Mercado, ou retirar total ou parcialmente os seus produtos, aos expositores que non colaboren para favorecer o desenvolvemento do evento para visitantes, outros expositores e persoal da Organización.
 - 5.5. Unha vez realizada a selección de expositores os titulares serán informados pola Organización. Para que a confirmación de espazos e quendas sexa firme, o expositor debe asinar e remitir á Organización o impreso Acordo de Participación, acompañado da documentación acreditativa recollida nas presentes Bases e xustificante de depósito da fianza. O Acordo de Participación remitirase a mercadonadal@versalscq.com.
- ## 6. DISTRIBUCIÓN DA NAVE 5 E EXPOSICIÓN DE PRODUCTOS
- 6.1. De maneira excepcional, en función do número de solicitudes para cada unha das quendas e en beneficio do conxunto do Mercado, a Organización poderá adjudicar dobre espazo (4 x 4 metros aproximadamente) a aqueles expositores que considere axeitado. Para isto, é imprescindible que os solicitantes expresen o seu desexo de ampliar espazo, na correspondente casíña da Solicitud de Participación.
 - 6.2. Nos postos asignados expoñeranse só os produtos aprobados.
 - 6.3. Queda expresamente prohibido ceder parte ou a totalidade do espazo adjudicado aos expositores.
 - 6.4. Cada expositor deberá atender persoalmente o seu posto, ou informar á Organización das persoas designadas para atendelo.
 - 6.5. A distribución dos expositores na Nave 5 será realizada pola Organización na procura do beneficio do conxunto do Mercado e atendendo a criterios de tipo de produto e outras consideracións técnicas que se consideren oportunas.
 - 6.6. A exposición dos produtos deberá realizarse de xeito estético, orixinal, limpo e ordenado, seguindo o espírito do evento.

- 6.7. Os expositores deberán informar á Organización do tipo de montaxe que van realizar.
- 6.8. Non se permitirá a exposición de produtos que pola súa natureza poidan perturbar ao resto dos expositores, ou sexan susceptibles de deteriorar as estruturas, pavimento, mobiliario, paredes ou calquera outro elemento fixo ou móbil da Nave 5. No caso de existiren necesidades específicas de montaxe os expositores informarán á Organización, que revisará as peticións e tentará favorecelas, pero reservándose o dereito de autorizarlas.
- 6.9. Non se permitirá a aplicación de colas ou disolventes en pavimentos nin paredes; ou a utilización de produtos perigosos, tóxicos ou inflamables.

7. ESPAZOS, HORARIOS DE MONTAXE E DE APERTURA AO PÚBLICO

- 7.1. Cada expositor contará cun espazo cuberto de 2 m x 2 m no que se incluíra un mostrador e baldas para a exposición e venda dos seus produtos, cartel de identificación coa súa denominación comercial, e punto de conexión á rede eléctrica.
- 7.2. En cada unha das quendas, os expositores deberán aterse aos horarios de montaxe e recollida que se fixen desde a Organización. Para facilitarlles o acceso á Nave 5, nos días previos á montaxe

proporcionarán datos dos vehículos nos que se realizará o transporte dos produtos e materiais necesarios para a montaxe.

- 7.3. Os expositores deberán atender estritamente aos horarios de apertura e peche ao público do Mercado que figuran nestas Bases de Participación.
- 7.4. Os expositores asumirán os gastos derivados dos danos e fallos que poidan causar aos seus propios materiais ou produtos, ao material e postos doutros expositores, mobiliario e infraestruturas proporcionadas pola Organización, ou da propia Nave que aloxa o Mercado.

8. PROMOCIÓN E DIFUSIÓN

- 8.1. Para facilitar a promoción do Mercado en redes sociais e medios de comunicación, os expositores remitirán á Organización tres fotografías dos seus produtos máis representativos antes do 27 de novembro.
- 8.2. Os expositores autorizan a realización de fotografías e vídeos dos seus produtos durante a celebración do Mercado, e ceden os dereitos de reprodución de todo o material gráfico e audiovisual que se realice para dar promoción á iniciativa.
- 8.3. A Organización proverá aos participantes finalmente seleccionados de bolsas de compras coa imaxe do Mercado de Nadal para as compras que os clientes fagan no seu posto.

Coñezo e Acepto

Santiago de Compostela ____ de _____ de 2015

Sinatura do expositor